

## O Premio Nobel de Literatura como elemento canonizador: O “fenómeno Murakami”

María Carbajo Lago

[Recibido, 22 marzo 2016; aceptado, 2 maio 2016]

<http://dx.doi.org/10.15304/bgl.48.3210>

**RESUMO** O presente traballo pretende reflexionar acerca do Premio Nobel de Literatura como un instrumento ao servizo dunha institución determinada, a Academia Sueca, capaz de influír na canonización de certos autores e textos. Este estudo propónse revisar algúns dos criterios nos que o organismo se fundamenta para levar a cabo a elección dos premiados, co fin de valorar ata que punto son verdadeiramente literarios. A través da situación do escritor xaponés Haruki Murakami poderase obter unha pequena mostra dos elementos que os círculos dominantes teñen en conta para xulgar a un determinado autor e, por tanto, das bases da súa canonización.

**PALABRAS CHAVE:** Premio Nobel; canonización; Murakami.

**ABSTRACT** This paper is a reflection on the Nobel Prize in Literature, an accolade presented by the Swedish Academy. This “institution” has the ability to canonize certain authors and texts. Therefore, some of the assessment criteria used during the selection process are analysed in order to clarify if the prestigious award is truly literary. Finally, the crucial elements utilised to choose a candidate author and the basis for his canonization are reviewed using the Japanese writer Haruki Murakami as an example.

**KEYWORDS:** Nobel Prize; canonization; Murakami.

### Introdución

A Academia Sueca, desde unha posición de poder, constitúe un dos factores dentro do sistema literario que garante o funcionamento da literatura como unha actividade socio-cultural. Neste sentido, a formulación deste breve estudo sitúase no marco da chamada “Teoría dos polisistemas” de Itamar Even-Zohar (1990), quen entende que o sistema literario é un compoñente subordinado a un polisistema maior, o da cultura. Ademais, ese sistema

literario considérase unha rede conformada por varios elementos entre os que se establece unha serie de relacións que permiten que este funcione e que non actúan, en ningún caso, de forma illada. Reformulando o esquema da comunicación de Roman Jakobson, Even-Zohar expón a súa teoría describindo os factores implicados neste complexo entramado. O estudoso fala en termos de “produtor” que dirixe o seu “produto” a un “consumidor” determinado. Á súa vez, debe existir un “repertorio” común, é dicir, un conxunto de regras e materiais que rexa a elaboración dos produtos e un “mercado” que permita a circulación dos bens transmitidos. Finalmente, é necesario incidir nun último elemento: a “institución”, como factor determinante que asegura o mantemento do sistema. Dado que forma parte da “cultura oficial”, impón que normas deben establecerse. Este é o papel que cumpre a Academia Sueca, que como “institución” conta coa autoridade para decidir que autores deben ser premiados fronte a aqueles que, segundo os seus dubidosos criterios, non merecen o galardón. Outra das funcións que caracterizan á “institución”, segundo considera Even-Zohar (1990: 37), é a de determinar “who, and which products, will be remembered by a community for a longer period of time”. Por tanto, na propia definición do termo, inclúese a súa capacidade para canonizar a certos autores ou textos no sistema literario<sup>1</sup>. Este tipo de reflexións abundan naquelas liñas de crítica literaria sistémico-sociolóxica, que poñen precisamente de relevancia o papel dos premios literarios. Anxo Tarrío (2013: 30) nun recente artigo sobre esta mesma cuestión destaca como son realmente “elementos fundamentais do mercado en que se converteu a literatura durante o século XX”. Nese sentido, o estudoso sostén que “a canonización e lexitimación dun autor, dun xénero, dun título ou dunha tendencia teñen poucas posibilidades de coroarse se non media un galardón de calquera tipo” (Tarrío 2013: 30).

Deste xeito, pódese observar facilmente como o campo literario e cultural está absolutamente subordinado ao campo do poder, en termos de Pierre Bourdieu (1991). Desde este punto, interesa analizar cales son os mecanismos a través dos que a Academia toma as súas decisións, para así poñer en cuestión os seus criterios de elección e a súa obxectividade, xa que, en gran medida, os seus intereses se afastan do estritamente literario.

---

<sup>1</sup> Débese matizar que Even-Zohar (1990: 15-19) considera que a canonicidade non é un rasgo inherente aos textos e que é o grupo que goberna o polisistema o que establece a canonicidade de certo repertorio.

## A Academia Sueca e os seus criterios de selección

Cada dez de decembro, aniversario da morte de Alfred Nobel, desde o ano 1901 celébrase en Estocolmo a cerimonia de entrega do Premio Nobel de Literatura por parte da Academia Sueca. O nacemento destes premios ten que ver coa última vontade deste científico, quen no seu testamento declara que se deberá recoñecer cada ano a unha personalidade influente que contribuíse dalgún modo ao ámbito da física, química, medicina, literatura e á loita pola paz. A pesar de que o propio Nobel permite que os galardoados sexan de calquera nacionalidade, as institucións que deben tomar esa decisión son todas elas suecas ou norueguesas. Por conseguinte, nas súas orixes, o premio foi de interese local e foi ao longo dos anos cando adquiriu un prestixio a nivel internacional. Aínda que se expandiron as súas fronteiras, o galardón, no caso do ámbito literario, segue a ser entregado por unha entidade sueca, a Academia, “fundada en 1786 por el rey Gustavo III para preservar la pureza, el vigor y la majestad de la lengua sueca” (Vaccaro 2007: 20)<sup>2</sup>. En definitiva, non parece ser un organismo ao que un labor como a concesión dun premio, en principio, de tal magnitude, teña que corresponderlle.

Por outra banda, os membros do xurado, integrado predominantemente por homes, non poden ler todas as obras nas súas linguas orixinais e teñen que recorrer a traducións ou a recomendacións externas, o que limita, en certa maneira, a súa elección. Así mesmo, teñen cargos vitalicios, o que provocou que en moitas ocasións primasen os seus propios intereses e que non se soubesen adaptar ás novidades estéticas esixidas por un novo contexto literario.

No que respecta aos procedementos de selección, tamén se poden facer certas obxeccións. Nunha primeira fase a Academia elabora unha lista inicial de douscentos candidatos de acordo coa valoración dun conxunto de especialistas: profesores de literatura e de universidade, integrantes de entidades relacionadas co ámbito literario, anteriores gañadores do premio e presidentes de organizacións literarias representativas. Por iso, é evidente que aqueles

---

<sup>2</sup> Laura Vaccaro (2007) publica un libro sen precedentes na crítica literaria, no que estuda con detalle as circunstancias de cada un dos premiados co Nobel de Literatura ata o momento. O seu traballo foi de grande utilidade, xa que achega información relevante en referencia a actuación da Academia Sueca e ao funcionamento do sistema de selección e concesión do galardón.

escritores que non fosen institucionalizados previamente non optarán ao nomeamento. Finalmente, entre cinco deses candidatos procédese á valoración e votación por parte dos académicos. Con todo, os datos relativos a todo este proceso mantéñense en segredo durante cincuenta anos. Este elemento suscita críticas por parte dalgúns sectores e pon en dúbida a súa credibilidade, posto que a súa decisión final non está publicamente probada e fundamentada.

Desta maneira, obsérvase como a Academia Sueca selecciona moitas veces os premiados a partir de criterios non exclusivamente literarios. Proba diso é que nas últimas décadas se produciu unha excesiva internacionalización do fenómeno, chegando a primar a diversidade de nacións e culturas representadas en lugar do verdadeiro valor artístico ou literario dos textos. Así, tentouse contrarrestar o peso que tiveron as grandes potencias europeas, ademais de Estados Unidos, nos primeiros anos da historia do Premio Nobel de Literatura. A pesar de que se trata dunha iniciativa que pretende dar cabida a países en menor medida recoñecidos, esta proposta segue sen estar sustentada nunha base obxectiva. Como conclúe Laura Vaccaro (2007: 464) na súa extensa análise:

32 Más allá de las joyas literarias que se encuentran con bastante frecuencia, a esta distinción le ha faltado coherencia y una calidad literaria sostenida, al margen de unos cuantos grandiosos escritores que no llegan ni a la mitad de la lista completa.

## O “fenómeno Murakami”

Desde esta perspectiva, é posible estudar a polémica que suscitou o caso concreto do autor xaponés Haruki Murakami, o literato máis traducido do país nipón. Nos últimos anos, nas casas de apostas e medios de comunicación o seu nome relacionouse cos postulantes ao Premio Nobel de Literatura. Aínda así, a pesar de estar entre os favoritos, un sector importante da crítica sostén que non é merecedor de tal distinción. Para comprender por que motivos se cuestiona a súa obra é necesario coñecer o contexto particular da súa práctica literaria.

Haruki Murakami nace en Kioto en 1949 e estuda literatura e teatro en Tokio na universidade de Waseda. A pesar das súas orixes orientais, sempre tivo unha estreita vinculación coa cultura occidental. En efecto, durante a súa

mocidade formouse lendo a autores estadounidenses e europeos e sempre tivo un grande interese pola música clásica alemá, ou o rock estadounidense ou británico, chegando mesmo a rexentar un club de jazz. Despois de publicar a novela coa que consegue unha fama internacional, *Tokio Blues* (*Norwegian Wood*), afastouse de Xapón para marchar a Europa e Estados Unidos. A pesar do regreso ao seu país de orixe, as súas influencias occidentais fanse evidentes nos seus textos<sup>3</sup>.

Por conseguinte, pódese ver como Murakami non sería o autor máis representativo dunha suposta literatura nacional xaponesa. Este é un dos argumentos que manexa a crítica contra o escritor desde o propio país. De feito, se calquera mira unha obra do novelista, atopará numerosas referencias culturais ao mundo occidental. Tomando só como mostra unha das súas obras, *Tokio Blues*<sup>4</sup>, pódense recoller algunhas alusións ao cinema americano: “*Sorrisos e Bagoas*” (Murakami 2007: 189), “Humphrey Bogart” (Murakami 2007: 184); á música clásica: “Bach” (Murakami 2007: 169), “Brahms” (Murakami 2007: 198); ao jazz: “Thelonius Monk” (Murakami 2007: 205), “Bud Powell” (Murakami 2007: 205) ou ao pop-rock británico e estadounidense: “The Beatles” (Murakami 2007: 377), “Bob Dylan” (Murakami 2007: 378) e “Stevie Wonder” (Murakami 2007: 378), entre moitos outros. O propio título da novela refírese a unha canción de “The Beatles”, a favorita do personaxe Naoko e que soa en varias pasaxes da obra. En canto ás citas literarias, o texto de Murakami revela un gran lector e coñecedor de autores como “Dante”, “Balzac” e “Dickens” (Murakami 2007: 47) e de obras de novo significativas para a cultura occidental: *Guerra y paz* de Tolstói (Murakami 2007: 88), *El guardián entre el centeno*, de Salinger (Murakami 2007: 47) e *Luz de agosto*, de Faulkner (Murakami 2007: 265). A propósito, é notable unha reflexión que fai o protagonista, Tōru Watanabe, acerca dos seus gustos literarios xuvenís (Murakami 2007: 46):

En esa época mis escritores favoritos eran Truman Capote, John Updike, Scott Fitzgerald, Raymond Chandler, pero no había nadie en clase o en la residencia que disfrutara leyendo a este tipo de autores. Ellos preferían a Kazumi Takahashi, Kenzaburō Ōe, Yukio Mishima, o a novelistas franceses contemporáneos.

<sup>3</sup> A biografía completa de Haruki Murakami pode consultarse na súa páxina en liña persoal: <http://www.harukimurakami.com/>

<sup>4</sup> Para todas as citas da obra sigo a edición publicada por Tusquets, 2007.

A crítica, en ocasións, aludiu á posibilidade de conectar a personalidade de Watanabe coa do propio Murakami. En efecto, o novelista afirmou o seguinte: “All I could think about when I began writing fiction in my youth was how to run as far as I could from the ‘Japanese Condition’”, segundo recolle Rubin (2002: 47). Máis aló do posible autobiografismo que se poida atopar nas obras do escritor, tanto as palabras do personaxe coma as do autor mostran certo rexeitamento cara a aqueles que representan a tradición literaria xaponesa e un crecente interese pola literatura americana<sup>5</sup>.

Este evidente peso das referencias ao pensamento cultural occidental é unha das razóns que pode explicar o éxito de vendas das súas novelas, convertidas en verdadeiros produtos que interesa exportar ao mundo. Doutra banda, desde os sectores académicos xaponeses, precisamente o feito de que non se mencionen cuestións relativas ao seu Xapón natal, á súa sociedade, á súa historia, á súa arte ou á súa literatura, apártano do canon nacional. Acúsano de non tratar temas que profunden no pasado e reflexionen sobre feitos relevantes que marcaron ao país, é dicir, para estes non pode servir de modelo de literatura propiamente nipoa e en consecuencia, non pode ser merecedor do Premio Nobel. Hernández Esquivel (2015) resume esta idea:

Es una pena que “el escritor contemporáneo más reconocido de Japón” no tenga una visión crítica sobre la historia y el desarrollo social de su país, un aspecto central que ha definido a la mayoría de los escritores que alcanzaron el Premio Nobel de Literatura.

Por tanto, parece que un dos criterios que primaron á hora de outorgar esta distinción ten que ver co concepto de “literatura nacional”. De feito, se se examinan as obras dos outros dous escritores xaponeses que gañaron o premio, desde o punto de vista temático, axústanse a este suposto requisito. O primeiro deles, Yasuri Kawabata, conséguo en 1968 “for his narrative mastery, which with great sensibility expresses the essence oh the Japanese

---

<sup>5</sup> As declaracións do autor en *The New York Times Book Review* (27 de setembro de 1992) ilustran perfectamente esta idea: “I mean, until I began writing novels at the age of 29, I had never read Japanese novels with any real interest. In the 1960’s, when I was a teen-ager in Kobe, I found that I didn’t like Japanese novelists much, so I made up my mind not to read them. Since both my parents were teachers of Japanese literature you could say I was a rebel in that sense. American culture was so vibrant back then, and I was very influenced by its music, television shows, cars, clothes, everything”.

mind”<sup>6</sup>. Neste sentido, nas súas novelas a protagonista é a cultura oriental e o retrato das súas tradicións milenarias. Vaccaro (2007: 286) simplifica desta maneira o contido das mesmas: “Lo que se encuentra en las páginas de Kawabata son geishas, salones de té, personas que se descalzan al entrar en sus casas y cuencos con arroz”, nada que ver, tal e como se viu, coa literatura de Murakami. O segundo galardoado, Kenzaburō Ōe, Premio Nobel en 1994, reflicte nos seus textos acontecementos decisivos para a sociedade nipoa. Entre eles, abordou temas como a participación de Xapón na Segunda Guerra Mundial ou os bombardeos sobre as cidades de Hiroshima e Nagasaki, e ademais reflexionou sobre a historia máis recente do país. En definitiva, ambos os escritores presentan un compromiso co propio Xapón e son un exemplo de autores que entraron no canon literario nacional.

Fronte a estes, nas novelas de Murakami non aparecen nin referencias culturais orientais nin se tratan cuestións acerca da realidade xaponesa. Nelas o lector pode atopar, a miúdo, un protagonista solitario, misántropo, normalmente masculino que forma parte dun triángulo amoroso. Con frecuencia, son personaxes que sofren algún tipo de crise existencial, incomprendidos, que buscan o seu sitio no mundo. Así mesmo, o autor xoga con realidades paralelas e inclúe elementos propios do mundo onírico e fantástico sen ofrecer unha solución ao conflito. En resumo, Murakami crea espazos moi persoais, dando preeminencia á esfera das relacións humanas. En consecuencia, nas súas novelas manexa temas de carácter universal, como o amor, a soidade, a frustración ou a incomunicación, de maneira que consegue chegar a un lector moi amplo. Esta é posiblemente una das razóns principais polas que é un escritor mundialmente traducido. É significativa unha afirmación de Philip Gabriel, un dos máis importantes tradutores dos seus traballos ao inglés, recollida por Stephanie Hegarty para o *BBC Magazine* (17 de outubro de 2011): “Algunas novelas están demasiado atadas a la cultura que comparte una nación como para poder ser apreciadas en una traducción. Las de Murakami son, en su mayoría, lo contrario”. A opinión deste especialista dá conta, unha vez máis, de que as obras do autor non son un reflexo da sociedade tradicional xaponesa, o que parece imprescindible segundo a crítica para que unha obra poida ser incluída no canon. Con todo, habería que cuestionar que é o especificamente xaponés e reformular o concepto de “literatura nacional”. Parece

---

<sup>6</sup> Así se presenta a este autor xaponés, Yasuri Kawabata, como premiado na páxina en liña oficial dos Premios Nobel: [www.nobelprize.org](http://www.nobelprize.org)

evidente que na era da postmodernidade entrou en crise o concepto de nación e nun mundo cada vez máis globalizado e interconectado é difícil atopar unha literatura que sexa representativa dunha identidade, tal e como mostran as obras de Murakami<sup>7</sup>. En relación con esta idea, a reflexión que realiza Jay McInerney para *The New York Times Book Review* (27 de setembro de 1992) á propósito doutra obra do nipón, *The wind-up bird chronicle*, é elocuente:

your protagonist cooked spaghetti for breakfast, and he eats at McDonald's for lunch. He listens to Verdi in the morning and Robert Plant a little later. And he reads Len Deighton. He talks with his wife about T. S. Eliot. If you changed a couple of Japanese names the story could take place in New York or in San Francisco.

O escritor xaponés coa súa resposta dá, en certo xeito, a razón a McInerney, xa que considera que na súa obra: “there probably is a non-nationality”, é dicir, nas súas novelas é difícil atopar trazos propios dunha nacionalidade. Con todo, non é que Murakami queira desligarse de Xapón (xa que sitúa as súas obras no seu país natal, non en América, e escribe en lingua xaponesa), senón que, desde unha mirada diferente, pretende plasmar o cambio dunha sociedade cada vez máis occidentalizada. Por tanto, neste sentido, a crítica debería de xulgar o escritor desde outra perspectiva, porque quizais non se afaste tanto nas súas obras do retrato da verdadeira realidade nipoa. O que ocorre é que a visión que ofrece desta é ben distinta da imaxe tradicional que os escritores do canon xaponés teñen transmitido. Este mesmo punto de vista é o que primou á hora de analizar a obra de Murakami desde a Academia Sueca. Quizais os seus criterios selectivos quedaron un tanto desfasados e deixou de ter sentido que o compoñente “nacional” dos textos sexa un factor decisivo.

Outro dos elementos que caracteriza a obra deste autor e que contribúe á súa rápida difusión é o seu estilo conversacional, pouco artificioso e claro. En xeral, lese con gran facilidade pola súa falta de elaboración, polo que algúns consideran que esa sinxeleza é un dos motivos do seu éxito. Con todo, desde círculos académicos cáese no prexuízo de identificar a ausencia de artificio técnico cun escaso valor literario. É certamente ilustrativa a afirmación do

---

<sup>7</sup> García-Valero (2015: 28), estudoso de Murakami, sintetiza esta mesma idea: “Una de las claves de su éxito pasa por la transformación de los materiales de nuestra realidad contemporánea en ficciones que condensan las problemáticas de nuestro tiempo con un alto grado de sensibilidad”.



gañador do Premio Nobel de Literatura, Kenzaburō Ōe, un dos máximos detractores do escritor (en Strecher 2002): “Murakami writes in Japanese, but his writing isn’t really Japanese. If you translate it into American English it can be read very naturally in New York”. O alcance das súas obras a un público tan amplo tamén foi un motivo de crítica sen fundamento, pois é errónea a visión de que a venda masiva dun produto estea sempre ligada a unha baixa calidade literaria. Este xuízo aséntase nunha postura propia da cultura da elite, que rexeita o consumo da masa. Agora ben, os límites entre a cultura da elite e a cultura comercial diluíronse na postmodernidade, de modo que Murakami pode ser apreciado desde ambas as esferas. En definitiva, a Academia Sueca analiza os escritores desde esta posición de superioridade, ancorada nunha serie de prexuízos que deberían ser desterrados.

## Conclusións

Intentouse mostrar unha parte importante do funcionamento do sistema literario, tal e como o entende Even-Zohar; a produción, difusión e consideración dos textos depende de moi diversos factores e, nese sentido, o traballo ilustrou o papel que pode xogar neste sistema un deles: a “institución” como parte integrante da cultura oficial. Este é o caso da Academia Sueca, pois é a que, mediante a concesión do Premio Nobel, establece as regras que determinan finalmente a canonización dos escritores e das súas obras. Con todo, ponse en dúbida se esa canonización ten algún tipo de fundamento literario, xa que parece que son moitos outros os elementos que se teñen en conta para xulgar os textos. Un exemplo claro está representado pola figura de Haruki Murakami, ao redor do cal se creou un debate nos últimos anos. Parte importante da crítica non o considera merecedor dun Premio Nobel nin, por conseguinte, integrante do canon literario. Os argumentos de peso nos que se centra a crítica para facer tales afirmacións xiran ao redor de dous grandes focos. Por unha banda, acúsano dunha excesiva occidentalización, posto que as súas obras están cheas de referencias á cultura europea e, sobre todo, americana, o que está directamente relacionado coa ausencia dunha preocupación polo pasado histórico nacional de Xapón. Doutra banda, tanto o tratamento de temas universais coma a claridade e sinxeleza do seu estilo favorecen o grande alcance das súas novelas, o que moitos críticos vinculan cunha falta de calidade artística. En suma, parece que a idea de que unha obra sexa representativa dunha identidade nacional e que ademais vaia dirixida a

unha elite son dous criterios que interveñen na canonización dun texto e, por tanto, seguen a primar para a Academia. En consecuencia, o Premio Nobel é unha distinción que se rexe por unha serie de criterios que se pretendeu poñer en cuestión, desde as súas bases aos seus procedementos selectivos, e que necesitarían unha revisión desde a perspectiva da postmodernidade. En efecto, mostrouse como os valores estritamente literarios non son os que priman á hora de condenar ou premiar a un autor ou a outro, polo que, en realidade, máis aló de canonizar, non é un premio con validez literaria.

María Carbajo Lago

Universidade de Santiago de Compostela

## Referencias bibliográficas

- Bourdieu, Pierre. 1991. “Le champ littéraire”. *Actes de la Recherche en Sciences Sociales*, 89/1, pp. 3-46, en [http://www.persee.fr/doc/arss\\_0335-5322\\_1991\\_num\\_89\\_1\\_2986](http://www.persee.fr/doc/arss_0335-5322_1991_num_89_1_2986) [Consulta: 10/11/2015].
- Even-Zohar, Itamar. 1990. “Polysystem Theory”. *Polysystem Studies [= Poetics Today]*, 11/1, pp. 9-26], en <http://www.tau.ac.il/~itamarez/> [Consulta: 10/11/2015].
- 1990. “The ‘Literary System’”. *Polysystem Studies [=Poetics Today]* 11/1, pp. 27-44], en <http://www.tau.ac.il/~itamarez/> [Consulta: 10/11/2015].
- García-Valero, Benito Elias. 2015. *La magia cuántica de Haruki Murakami: Las novelas del autor y la ciencia: ficción, era digital y física cuántica*. Madrid: Fundación Verbum.
- Hegarty, Stephanie. 17 de outubro de 2011. “Haruki Murakami: How a Japanese writer conquered the world”. *BBC Magazine*, en <http://www.bbc.com/news/magazine-15316678> [Consulta: 12/11/2015].
- Hernández Esquivel, Christian Emmanuel. 2015. “Bullying a Murakami”. *Marabunta*, 3, en <http://www.revistamarabunta.com/2015/08/29/bullying-a-murakami/> [Consulta: 15/11/2015].
- McInerney, Jay e Haruki Murakami. 27 de setembro de 1992. “Roll Over Basho: Who Japan is reading and why? A dialogue between Jay McInerney and Haruki Murakami”. *The New York Times Book Review*, en [http://www.nytimes.com/books/01/06/10/specials/murakami-japan.html%20\\_r=1&oref=slogin](http://www.nytimes.com/books/01/06/10/specials/murakami-japan.html%20_r=1&oref=slogin) [Consulta: 15/11/2015].

- Murakami, Haruki. 2007. *Tokio Blues (Norwegian Wood)*. Barcelona: Tusquets.
- Rubin, Jay. 2002. *Haruki Murakami and the Music of Words*. Londres: Haverhill.
- Strecher, M Matthew. 2002. *Haruki Murakami's: The Wind-up Bird Chronicle: A Reader's Guide*. New York: Continuum.
- Tarrío Varela, Anxo. 2013. “Os premios literarios”. En Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.). *Premios literarios e de ilustración na LIX*. (pp. 15-32). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Vaccaro, Laura. 2007. *Los Premios Nobel de literatura: una lectura crítica*. Sevilla: Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Sevilla.